



LUGAR

Sala de exposicións temporais do Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León"

DATAS

16 de maio a 20 de xullo

HORARIO

Martes a sábados: 17.00-20.00 h

Domingos e festivos: 10.00-13.30 h Luns pechado

ENTRADA GRATUÍTA

Xosé María Álvarez Blázquez, arqueólogo de Vigo

ORGANIZA



Museo Municipal de Vigo
“Quiñones de León”

Elena Maure Noia

Concelleira delegada de Patrimonio Histórico,
presidenta da Xunta Rectora do Museo.

José Ballesta de Diego

Director do Museo

Coordinadora de actividades

Lola Seoane

EXPOSICIÓN

Comisariado

Pilar Barciela Garrido

Documentación

Gregorio Casado

Coodinación técnica

Andrea Serodio

Deseño expositivo

Alejandro Vidal

Montaxe

Ática Servizos Culturais

Normalización Lingüística

Eva María Panadero

Rotulación

Xeve

AUDIOVISUAL

Dirección e montaxe

Carlos A. Veloso

Guión

Carlos Veloso e Pilar Barciela

Documentación e entrevistas

Pilar Barciela

Imaxe

Fernando Acuña Castroviejo

Fernando Alonso Romero

Enrique Massó

Museo Municipal de Vigo

Arquivo persoal X. M. Álvarez Blázquez

Archivo General de la Administración

Arquivo Bene (Editorial Nigra-Trea)

Museo de Pontevedra

TVE en Galicia

Fondos documentais

Arquivo persoal X. M. Álvarez Blázquez

Arquivo Municipal de Vigo

Arquivo do Museo Municipal de Vigo

Arquivo persoal de F. Acuña Castroviejo

Son

Entrevista: Rne

Gravación reunión do padroado : Celso
Álvarez Cáccamo.

O Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León” reivindica a traxectoria vital, museolóxica e arqueolóxica de Xosé María Álvarez Blázquez –a quen este ano 2008 a Real Academia Galega lle dedica o Día das Letras Galegas– coa exposición *Xosé María Álvarez Blázquez, arqueólogo de Vigo* que se inaugura o día 16 de maio de 2008 na súa sala de exposicións temporais.

O Museo recupera así a figura deste destacado arqueólogo e prehistoriador, impulsor da creación da sección de arqueoloxía do mesmo, da hemeroteca municipal e da conservación dos restos arqueolóxicos do municipio aspectos que foron ata agora os menos coñecidos da súa actividade.

Pilar Barciela Garrido, museóloga e arqueóloga, é a comisaria desta mostra que reúne máis de 200 pezas arqueolóxicas, –unha reducida cantidade dos materiais que Xosé María Álvarez Blázquez depositou e posteriormente doou ao museo vigués–; xunto con material documental e gráfico procedente na súa meirande parte do propio arquivo de Xosé María Álvarez Blázquez, do arquivo do Concello e do Museo.

RECURSOS EXPOSITIVOS

Paneis explicativos e gráficos

Expositores cunha reducida mostra dos abundantes materiais depositados por Xosé María Álvarez Blázquez no museo e documentos.

Puntos de audición

Audiovisual

A mostra complétase cos materiais expostos permanentemente no museo que se atopan na Sala de Arqueoloxía.

PRESENTACIÓN

Cando a Real Academia Galega acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas a Xosé María Álvarez Blázquez, servíase en bandexa a posibilidade de materializar o vello proxecto de facer unha exposición sobre o seu traballo no Museo.

As exposicións temporais de produción propia deben ser un recurso museolóxico para a conservación dos fondos, a súa documentación e a súa divulgación.

A documentación dos fondos é o máis invisible e fundamental dos traballos que se realizan no museo, e polo seu carácter invisible tamén o máis difícil de financiar. As ocasións coma esta ofrécenlle aos museos a posibilidade de acometer tarefas de restauración e de documentación dos fondos, e a divulgación dese traballo.

Por todo iso, esta exposición non se realiza para a ocasión senón que aproveita a ocasión para realizar un traballo que estaba agardando dende hai moitos anos a que chegase unha ocasión coma esta.

As exposicións de produción propia supoñen meses de traballo intensivo, sen ocio, sen descanso, e sen nada que garanta a consecución do obxectivo. Sempre é pouco o tempo e aínda máis cando realmente é pouco. Sempre se pode seguir tirando do fío na procura de novos datos, sempre aparece alguén no último momento cunha boa pista ou unha boa información e, empuxados pola inercia e a obsesión, empeza a apurarse cada segundo, para dar resposta a todo.

Pero chega un momento no que compre rematar, porque hai unha data na que ten que estar todo listo: o discurso argallado, os novos datos incorporados, as correccións e revisións, sempre necesarias, para que empece a seguinte fase: a execución e materialización dese traballo na rotulación, na montaxe, na publicación..., na inauguración.

O primeiro propósito que perseguimos con esta mostra é a documentación de milleiros de fondos asentados no libro de rexistro a nome de Á. Blázquez. Saber a razón pola que unha persoa realizou semellante cantidade de depósitos, algúns mesmo afastados xeograficamente de Vigo. O museo adocece da documentación necesaria para facelo por si mesmo, (cos arquivos municipais e os seus propios decimados ao longo dos anos) e os instrumentos propios de documentación do museo, o rexistro e o inventario, son as concisas referencias habituais desa época.

O segundo propósito é dar a coñecer a vinculación de Xosé María Álvarez Blázquez coa arqueoloxía e co museo.

Partimos da idea de que se saímos do mundo da profesión arqueolóxica e do mundo literario ou editorial pouca xente sabe quen é Xosé María Álvarez Blázquez e, quen o coñece, coñece só o aspecto que lle é máis próximo. De todos os aspectos da cultura que tocou ou nos que profundizou quizais o máis descoñecido sexa a súa relación co Museo e a súa importante aportación á arqueoloxía non só de Vigo senón de toda Galicia.

As referencias que se levan feito dende o seu nomeamento para o Día das Letras Galegas son resumidas na maior parte das veces nun “dedicouse á arqueoloxía” ou “participou na descuberta das estelas romanas de Vigo”. Coñecer o noso pasado é un dereito, Xosé María Álvarez Blázquez forma parte del, e o Museo ten a obriga de dalo a coñecer.

Con esa finalidade realizouse un labor de búsqueda intensivo do que resultou a consulta de numerosos arquivos: Arquivo Xeral da Administración (Santiago), Archivo General de la Administración (Alcalá), Arquivo Municipal de Vigo, Arquivo do Museo Municipal de Vigo, Arquivo do Museo de Pontevedra, Arquivo do Faro de Vigo...e arquivos privados, entre os que foi fundamental o propio arquivo persoal de Xosé María Álvarez Blázquez. Neles encontramos resposta a moitas preguntas, pero moitas outras quedaron sen ela. Nalgúns casos porque non se conservan os documentos nos que podería estar escrita, noutros por non ter acceso a eles, noutros porque as preguntas son en si mesmas obxecto dun estudo máis amplo, e, con toda probabilidade, outras quedarán sen contestar polas nosas propias limitacións.

Algunhas persoas, especializadas en diferentes temas arqueolóxicos, achegaron os seus coñecementos e horas de traballo, e quince persoas que o coñeceron como “arqueólogo” permitíronnos por medio dun audiovisual coñecelo a través dos seus recordos.

Pilar Barciela, comisaria da mostra

Texto que presenta a publicación
Álvarez Blázquez, arqueólogo

ESTRUTURA DA EXPOSICIÓN

A exposición organízase en dous bloques principais; o nomeamento de “Comisario Local de Excavaciones Arqueológicas” e o exercicio do seu cargo na cidade, e por outra banda as aportacións que realizou ao museo.

A exposición temporal complementábase cos fondos que se mostran na Sala de exposición permanente de Arqueoloxía do Museo.

O NOMEAMENTO DE “COMISARIO LOCAL DE EXCAVACIONES ARQUEOLÓGICAS”, E O EXERCICIO DO SEU CARGO NA CIDADE ocupa as dúas primeiras salas:

Sala 1

A “Comisaría General de Excavaciones Arqueológicas”, cun texto explicativo sobre este organismo que centralizou a actividade arqueolóxica dos primeiros anos do franquismo.

O nomeamento de “Comisario Local de Excavaciones”, cun texto explicativo e algúns documentos vinculados ao cargo.

Os xacementos en territorio municipal nos que interviu dende o seu cargo:
O castro de Vigo, a illa de Toralla e a cista do cemiterio de Picacho.
Dos dous primeiros móstrase unha pequena parte dos materiais recuperados neses xacementos.

Sala 2

O descubrimento das estelas romanas. cun texto explicativo das circunstancias do achado, e materiais documentais dos estudos realizados por Xosé María Álvarez Blázquez.

O Congreso Nacional de Arqueoloxía, acontecemento científico que se celebrou en Galicia no mesmo ano da descuberta das estelas.

A creación da sección de arqueoloxía do Museo. Texto explicativo do proceso de creación da sección e da Sala de exposición permanente de Arqueoloxía, creación na que Álvarez Blázquez tivo unha intervención directa.

O segundo bloque ocupa o resto das salas, nas que se fai un percorrido polas **APORTACIONES QUE REALIZOU XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ AO MUSEO.**

Sala 3

A cista de Atios. Un enterramento da primeira Idade do Bronce recuperado por Xosé María Álvarez Blázquez en 1967 e que constituíu outro importante acontecemento arqueolóxico no momento.

As aras de Donón. As aras descubertas por Enrique Massó foron trasladadas ao Museo, en 1963, e o existente e descoñecido santuario romano deuse a coñecer á investigación a partir deste momento.

Aportacións ao museo dende o seu posto de Xefe do Departamento de Historia de Vigo e a súa comarca, un texto explicativo e a audición dunha intervención realizada nunha reunión do padroado de 1984.

Sala 4

Actividade anterior. Xosé María Álvarez Blázquez entrou de moi novo na actividade arqueolóxica, participou, nos anos 30, nas escavacións do castro de Cabeza de Francos (Tui) e do castro de Baión (Vilagarcía de Arousa) actividades que se interromperon co inicio da Guerra Civil. Desterrado a Coreses (Zamora) continuará cos estudos arqueolóxicos. Estes traballos foron plasmados nunhas memorias que se amosan tamén nesta sala xunto cos materiais recuperados que depositou no museo vigués.

Moedas. Froito da súa relación cos tranviarios de Vigo, conseguiu, nos anos 40, unha boa colección de numismas de época romana e ibérica que foron adquiridas polo concello. A elas súmanse outras que foron depositadas no museo. Neste apartado exhibese unha pequena mostra acompañada das fichas que realizou para a súa clasificación.

Sala 5

A recollida de útiles paleolíticos comezada nos seus anos de mocidade, foi continuada ao seu regreso a Galicia, en 1944, e constituíu unha das achegas máis importantes ao estudo do Paleolítico en Galicia. Amósase nesta sección unha pequena mostra dos útiles líticos recuperados, xunto cos estudos e debuxos realizados para a súa publicación.

As Gándaras de Budiño O xacemento paleolítico máis importante de Galicia, fornecía as coleccións particulares de útiles que aparecían en superficie. Xosé María Álvarez Blázquez, recolleunos e levounos para o museo e de seguido chamou a Emiliano Aguirre, unha xa destacada figura no territorio nacional, que iniciou escavacións nas Gándaras, primeira intervención arqueolóxica nun xacemento paleolítico realizada en Galicia e da que resultaron unha chea de útiles e restos de talla que foron depositados no Museo.

As illas Cíes. As prospeccións realizadas no poboado castrexo das illas Cíes deron como resultado a recollida de numerosos fragmentos de cerámica que foron depositados no Museo.

A divulgación. Ao labor arqueolóxico de Xosé María Álvarez Blázquez, sempre orientado ao salvamento e recuperación dos restos para o seu depósito no museo, sumouse tamén un importante labor de divulgación nos medios de

comunicación, en conferencias, en estudos divulgativos, etc. Unha pequena mostra destes traballos pódese apreciar nesta sección.

AUDIOVISUAL

“Xosé María Álvarez Blázquez, arqueólogo”

Intercálanse imaxes das entrevistas realizadas para esta exposición ás persoas que tiveron relación arqueolóxica con Xosé María Álvarez Blázquez e que, xunto coas súas propias palabras, falan del e da súa actividade arqueolóxica. As entrevistas realizadas aos seus cinco fillos proporcionan a visión do arqueólogo dende as súas vivencias coa arqueoloxía..

Estas entrevistas intercálanse con imaxes dos xacementos estudados por el, pezas e imaxes de arquivo da TVE.

AUDICIÓN

“O mundo de Xosé María Álvarez Blázquez ao redor dunha conversa”

Para escoitar antes de entrar, ou á saída da exposición, ofréceselles aos visitantes da mostra unha visión xeral de todas as súas ocupacións dende a súa propia visión, nunha entrevista que lle fixo en 1984 o seu fillo Xosé María Álvarez Cáccamo.

DATAS PARA LEMBRAR

- 1915.** Nace en Tui Xosé María Álvarez Blázquez
- 1933-1935.** Participa nas escavacións do castro de Cabeza de Francos, Tui.
- 1934** Escava no castro de Baión (Vilagarcía de Arousa)
- 1934-1935-** Escava no castro da Guía, Randufe, Tui.
- 1939** Desterrado ao pobo de Coreses (Zamora) onde continúa coa actividade arqueolóxica
- 1942.** Retorno a Galicia, prosegue os seus estudos sobre o Paleolítico.
- 1949.** Publicación de *Industrias paleolíticas de la comarca de Tuy*.
- 1949.** Nomeado (2 de xullo) “Comisario Local de Excavaciones de Vigo”.
- 1952**
- Escava no Castro de Vigo
 - Publicación das *Industrias paleolíticas do Baixo Miño (Concellos de A Guardia, O Rosal, Tomiño e Oya)*
 - Escavación dun enterramento romano nas proximidades do cemiterio de Picacho.
- 1953**
- Descubrimento (17 de marzo) das estelas romanas na rúa Pontevedra.
 - Celebración (18-24 xullo) e clausura en Vigo do III Congreso Nacional de Arqueoloxía.
 - Presentación da proposta para a creación da sección de arqueoloxía no Museo.
 - Nomeado membro do Padroado do Museo Municipal de Vigo.
- 1955**
- Publicación do *Hallazgo de estelas funerarias en Vigo (Pontevedra)* nas actas do III Congreso Nacional de Arqueología.
- 1959**
- Inauguración da Sala permanente de Arqueoloxía (21 marzo)
- 1961**
- Publicación das *Inscripciones romanas de Vigo*
- 1962**
- Traslado ao museo das aras do santurio de Donón
 - Inicianse as escavacións nas Gándaras de Budiño
- 1967**
- Escavación da cista de Atios.
- 1970**
- Publicación da *Cista y ajuar funerario de Atios (Porriño)*.
- 1971**
- Publicación de *Las aras del santuario galaico-romano de Donón (Hío- Cangas)*.
- 1976**
- Nomeado Cronista Oficial da Cidade de Vigo.
- 1979**
- Coordinación da obra *Vigo en su historia* na que colabora tamén co artigo *Cuadros de Vigo en la Edad Media*.
- 1980.**
- Publicación de *Vigo arqueológico*.
 - Reordenación da Sala permanente de Arqueoloxía.
- 1981**
- Xefe do departamento de Historia da Cidade no museo (6 abril).
- 1985**
- Fai doazón ao Museo de todos os materiais depositados por el.
 - Pasamento (2 marzo)